

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 02/05/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Concelleiro ausente:

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día dous de maio de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día seis de abril do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta dunha resolución da Alcaldía, de data do 28/04/15, polas que se deixan sen efecto as modificacións das denominacións de dous dos investimentos incluídos no PAI 2015 da Deputación Provincial, modificacións das que se deu conta ó Pleno na sesión do 06/04/15. Deste xeito, mantéñense as denominacións inicialmente aprobadas: "Casa da Xuventude" e "Centro municipal de empresas".

Dase conta tamén da celebración por parte da Xunta de Goberno Local do sorteo para determinar a composición das mesas electorais para as eleccións locais do 24/05/15, como xa se informou previamente ós portavoces dos grupos políticos.

A Corporación queda enterada e conforme co exposto.

TERCEIRO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta polo estado de tramitación do Plan Xeral.

O Sr. Alcalde resposta que tras a remisión do documento para informe previo á aprobación inicial e para recabar varios informes sectoriais preceptivos, a empresa redactora está incorporando as modificacións solicitadas nos informes recibidos para poder dar inicio ó trámite de aprobación de inmediato, de maneira que o grupo de goberno que resulte das eleccións do próximo día 24 xa poderá aprobar inicialmente o Plan cando o desexe.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e corenta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,